

6. LIGA 1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA

6.1. EQUIPOS PARTICIPANTES

Este grupo estará formado por 12 equipos da comunidade autónoma galega e que serán os seguintes:

- Equipos descendidos da Primeira División Feminina da temporada anterior.
- Equipos que manteñen a categoría.
- Equipos ascendidos a esta categoría da 2ª División Feminina de acordo coas súas bases de competición.

6.1. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 28 de xullo.

Todos os equipos que se inscriban nesta categoría, deberán ter inscrito ou vinculado un equipo Júnior Feminino.

6.3. XOGADORAS

A data límite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 25 de febreiro do 2017. O número de licenzas para esta categoría será dun mínimo de 8 e dun máximo de 12.

6.4. ARBITRAXES

As arbitaxes serán AUTONÓMICAS.

6.5. FORMA DE XOGO

Os equipos repartiranse en dous grupos, Norte e Sur, de 6 equipos cada un, distribuídos por proximidade xeográfica a criterio do Comité de Actividades da FGB.

En casos específicos será potestade do Comité de Actividades da FGB designar as prazas non cubertas unha vez rematado o prazo de inscrición formal.

No caso de que a cifra dos equipos inscritos sexa inferior a 12, o Comité de Actividades propondrá a Comisión Delegada o número de descensos e a forma de xogo.

FASE PREVIA:

Disputarase unha liga (ida e volta) entre os 6 equipos participantes (10 xornadas), en cada un dos grupos.

FASE CLASIFICATORIA:

Os equipos clasificados do 1º o 3º posto de cada un dos grupos, Norte e Sur, formarán un novo denominado A-1 no que disputarán por sistema olímpico (valendo os resultados da primeira fase) un total de 6 xornadas. Este grupo A-1 determinará os postos finais do 1º ó 6º.

Os equipos clasificados do 4º ó 6º posto de cada un dos grupos, Norte e Sur, formarán un novo denominado A-2, no que disputarán por sistema olímpico (valendo os resultados da primeira fase) un total de 8 xornadas. Este grupo A-2 determinará os postos do 7º ó 12º.

6.6. ASCENSOS E DESCENSOS

Participarán na Fase Interautonómica de ascenso á Primeira División Feminina Grupo "A" o equipo clasificado no 1º posto.

Descenderán á Liga de 2ª División Sénior Feminina os equipos clasificados nos postos 11º,12º, así como o equipo clasificado en 10º lugar, se descendese un equipo máis dos dous estipulados de 1ª División Feminina e así sucesivamente, se os descendidos fosen 2 ou máis.

Se unha vez iniciada a competición se retirase algún equipo ou fose descualificado pola FGB, este cubrirá unha das prazas de descenso.

6.7. DATAS DE XOGO

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

Liga Regular

Novembro: 27

Decembro: 11, 18

Xaneiro: 15, 22, 29

Febreiro 5, 12, 19, 26

Segunda Fase:

Marzo: 12, 29, 26

Abril: 2, 23, 30

6.8. DATAS DE SORTEOS

Sorteo Liga: 1 de setembro, ás 18.30 horas, na sede central da FGB.

Sorteo Segunda Fase: 27 Febreiro ás 18.30 hrs, na sede central da FGB.

6.9. HORARIO DE XOGO

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábado: 16.00, 18.00 e 20.00 horas e domingos: 10.00 e 12.00 horas e 17.00 h. e 19:00 h.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo ás 10.00 h, e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo o sábado ás 16:00 h, 18.00 h ou 20.00 h, e domingo 12.00 h, 17.00 h e 19.00 hrs., sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a cota de 100 € e a conformidade do equipo contrario.

Modificacións de data, campo ou horario:

| Obxecto Modificación | Prazo Recepción | Conformidade | Cota |
|----------------------|-----------------|--------------|-------|
| Data | Antes 1 mes | Si | 00,00 |
| Campo | Antes 1 mes | Non | 00,00 |
| Hora | Antes 1 mes | Non | 00,00 |
| Data | Antes 15 días | Si | 00,00 |
| Campo | Antes 15 días | Non | 00,00 |
| Hora | Antes 15 días | Si | 00,00 |
| Data | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Campo | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Hora | Antes 9 días | Si | 75,00 |

6.10. TERREO DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a temporada. Neste terreo de xogo disputaranse os seus encontro que estea catalogado como NIVEL 1 dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Non se admitirán en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

Nos encontros nos que participen equipos que realicen desprazamentos e no caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada de Nivel 1 para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente, e por falta de previsión do equipo local, tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este, sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

A FGB recoméndalles a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, empreguen nestes canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadores/as e árbitros no que respecta ás instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

6.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

6.12. OBRIGAS ESPECÍFICAS

• COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>

6.13. RECOMENDACIÓNS

• Recoméndase a todos os clubs que fagan constar no dorso da camiseta de cada xogador o seu nome en caracteres de cinco centímetros.

6.14. COPA GALICIA 1ª AUTONOMICA FEMININA (opcional)

A Federación Galega de Baloncesto organizará a Copa Galicia da 1ª Div. Autonómica Feminina, tendo en conta estas premisas:

EQUIPOS PARTICIPANTES

A disputarán aqueles equipos que se inscriban o efecto antes do 29/08/16.
O día 05/09/16 farase o sorteo e comunicarase o sistema de competición programado polo Comité de Actividades en base os equipos inscritos.

DATAS:

F. Previa:

Outubro: 2, 9, 16, 23, 30.

Novembro: 6

Final: 13 novembro

FASE INTERAUTONÓMICA DE ASCENSO A 1ª DIVISIÓN FEMININA

Xogarán a Fase Interautonómica os equipos Campións das Federacións de Galicia, Castela-León, Asturias e Cantabria.

As datas serán do ó de maio.

ASCENSOS E DESCENSOS

Garánteselle praza de ascenso ao campión da Fase de Ascenso. Se houberse algunha vacante máis, a orde de prioridade para ocupar estas prazas sería a reflectida nas Bases da 1ª división Feminina.

A Fase Interautonómica será organizada polas seguintes federacións nas seguintes temporadas:

| <u>Federación</u> | <u>Temporada</u> |
|--------------------------|-------------------------|
| Fed. Galega | 2016-17 |
| Fed. Castilla-León | 2017-18 |
| Fed. Asturiana | 2018-19 |
| Fed. Cántabra | 2019-20 |